

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES – ENTROIDO 2026

DOMINGO 15 DE FEBREIRO DE 2026

INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN:

LUGAR E PRAZO: Poderán participar todas aquelas persoas que realicen a súa inscrición no Departamento de Cultura do Concello de Melide segundo ficha normalizada até ás 14.00 h do día 13 de febreiro de 2026. Tamén poderán inscribirse antes do inicio do desfile no cantón de San Roque ou no caso de choiva no pazo de congresos e exposicións en horario de 16.30 a 17.00 h.

MÚSICA: os/as participantes no concurso deberán entregar no momento da inscrición a música en formato CD ou memoria USB con indicación do nome do tema e o seu autor/a.

Os que se inscriban no mesmo día do concurso non poderán escoller a música para o pase polo escenario.

ITINERARIO:

16:30 h: recepción de participantes (cantón de San Roque)

17:30 h: desfile (saída do cantón de San Roque)

18:30 h: concurso de disfraces (pazo de congresos)

No caso de choiva:

17:30 h: recepción de participantes (pazo de congresos)

18:30 h: concurso de disfraces (pazo de congresos)

PREMIOS POR CATEGORÍAS

COMPARSAS (+8 persoas)

- 1.º premio: 1.000 €

- 2.º premio: 700 €

GRUPOS (3-8 persoas):

- 1.º premio: 400 €

- 2.º premio: 300 €

INDIVIDUAIS E PARELLAS:

- 1.º premio: 150 €

- 2.º premio: 100 €

Os menores de idade non poderán participar nesta categoría se non van emparellados cun adulto.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO

Destinado a recoñecer a unha comparsa ou grupo do municipio pola súa orixinalidade, creatividade e espírito de Entroido que non resultase premiado noutras categorías do concurso. Este premio, dotado con 200 €, non terá carácter obrigatorio, polo que o xurado poderá decidir non outorgalo se considera que non existe ningunha proposta que reúna os méritos necesarios.

O pagamento dos premios poderase facer de dúas maneiras:

1º) De maneira global. Neste caso, todos os membros do grupo/comparsa autorizarán a unha única persoa para que cobre a totalidade do premio.

2º) De forma individual. Neste caso, cada participante deberá presentar fotocopia do DNI e xustificante do número de conta con indicación do IBAN.

No caso de presentarse como asociación, esta deberá presentar acta da xunta directiva, fotocopia do CIF e conta bancaria con indicación de IBAN.

A documentación para o pago dos premios deberá presentarse no Concello de Melide no prazo de 15 días laborais desde a resolución do concurso. No caso de non presentala no prazo indicado perderá o dereito ao cobramento do premio.

Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.
No caso de ser menor de idade, o pagamento do premio efectuarase ao seu titor /a legal.

XURADO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

O xurado será nomeado por decreto de Alcaldía e estará formado por membros de diversas asociacións e entidades deste Concello ou persoas vinculadas ao mundo da cultura e tradicións.

A decisión do xurado realizarase ao remate do concurso. Este terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións en cada unha das categorías mais deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, orixinalidade dos disfraces, vestiario e maquillaxe, coreografía e música, traballo feito a man e posta en escena.

A resolución será inapelábel e os premios poderanse declarar desertos se o xurado o considera oportuno.

A decisión do xurado será plasmada nunha acta redactada para tal efecto con indicación dos gañadores e dos seus datos por cada modalidade.

A decisión do xurado deberá ratificarse por decreto de Alcaldía, órgano competente para o recoñecemento das obrigas que se deriven para o Concello.